

## NOTA DE PRENSA DO PROXECTO EUROPEO “HABILITAS”

Os vindeiros días 18 a 22 de xanerio, a UMAD coma entidade anfitriona, organizará o **Encontro Transnacional** das entidades que desenvolven o **“Proxecto Habilitas”** do programa europeo “*Grundtvig -2*” (incluído no Programa “*Grundtvig*”), subvencionado pola Agencia Nacional Sócrates

Dentro do programa *Sócrates* existe a modalidade *Grundtvig* na que a finalidade é o traballo coa “educación de adultos” (dando preferencia ao traballo con persoas en risco de exclusión).

O *Grundtvig -2*: Vai a traballar coa modalidade chamada Asociacións de aprendizaxe para a educación de persoas adultas de centros públicos ou privados

O obxectivo xeral da acción do programa *Grundtvig - 2* é promover a dimensión europea da aprendizaxe ao longo da vida dos participantes neste programa e contribuír mediante a ampliación da cooperación transnacional, a innovación, e maior dispoñibilidade, accesibilidade e calidade doutros itinerarios educativos

Este programa vai dirixido ao traballo con persoas en risco de exclusión social/profesional, que estean nesta situación por distintas razóns fracaso escolar, desobediencia, drogas (no noso caso), discapacidade física/mental ou a que las que arrastren problemas coma segregación, intolerancia e prexuízo.

Outros obxectivos do proxecto *Grundtvig -2*, son:

- ? Con respecto ós profesionais do proxecto, traballar cos participantes no **“Proxecto Habilitas”** a fin de rexeitar a imaxe negativa que se lles impón dende a sociedade, estimularlos para loitar por mellor traballo se iguais oportunidades laborais e encontrar boas prácticas para axudarlles no mane xo da súa vida diaria.
- ? Con respecto a sociedade en xeral poder influir nesta, e nas autoridades locais e rexionais para que estas persoas se fagan visibles como persoas capacitadas para a vida.

Específicamente os obxectivos que se queira acadar co **“Proxecto Habilitas”** son:

1. Construír unha imaxe positiva dos xoves en risco de marxinación, local e rexionalmente.
2. Estimular a participación destes xoves na educación, no mercado laboral e na sociedade.
3. Intercambiar e comparar as boas prácticas en termos de políticas de integración e actividades na UE.
4. Establecer unha rede internacional entre socios con experiencia nesta área.
5. Elaborar unha materia común na que os xoves poidan desenvolver habilidades básicas, sociais e profesionais.
6. Condurir aos estudantes para elaborar unha serie de vídeos nos que se ensinen condutas sociais profesionais correctas e incorrectas.

Ó Encontro acudirán socios de catro nacionalidades, xunto cos profesionais da UMAD que interveñen no Proxecto.

O número de representantes de cada país que desenvolven o **“Proxecto Habilitas”** é o seguinte:

- ? 6 representantes da AEVA – Associação para Educação e Valorização de Recursos Humanos do Distrito de Aveiro – Escola Profissional de Aveiro, Aveiro – Portugal
- ? 3 representantes da SAVAS – Savon Vammaisäätö (The housing foundation for the intellectually disabled in Savo), Kuopio – Finlandia
- ? 3 representantes da Asociación Columbares, Murcia – España
- ? 13 representantes do Instituto de Instrucción Secundaria Superiore “D. Fioritto”, San Nicandro de Garganico – Italia.

As asociacións de aprendizaxe poderán recibir axuda financeira durante 1 ou 2 anos. Neste caso a Agencia Nacional Sócrates concede ao Concello de Santiago (UMAD) un total de 8.500€ para subvencionar dito programa.

As principais actividades que se levarán a cabo, consistirán en reunións de traballo do proxecto na sede da UMAD, visitas culturais a cidade (catedral, zona vella, Museo do Pobo Galego...) e o xoves 20 terá lugar unha recepción co Alcalde no Concello. Anexo Programa.

